



## MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2024 (4 MESES), ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE TRÁNSITO Á VIDA ADULTA, AUTONOMÍA E EMANCIPACIÓN PARA PERSOAS MOZAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EN ZONAS NON URBANAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.**

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

### DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar co Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 30 de abril de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector en virtude do cal os menores en situación de risco, desamparo ou exclusión adheridos ao programa de tránsito á vida adulta, autonomía e emancipación para mozos/as en situación de vulnerabilidade en zonas non urbanas, acaden inserción laboral de xoves tutelados, extutelados e/ou con medidas xudiciais vencellados ás áreas xeográficas definidas neste convenio, reducindo deste xeito o descenso poboacional nas zonas de atención buscando que os/as rapaces/as atendidos fagan proxectos de vida nas áreas de traballos delimitadas no convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Levar a cabo as seguintes áreas de actuación no marco do programa a desenvolver:

- Dotar de competencias para a busca activa de emprego ás persoas mozas que se atopan de alta no programa
- Mellorar a formación e capacitación daqueles xoves que se atopan de alta no programa.
- Xerar novos nichos de emprego a través de prospección empresarial na zona.
- Creación de accións formativas “*ad hoc*” para empresas de especial interese estratéxico para o programa.
- Procura de alternativas de traballo deslocalizado.
- Creación de itinerarios individualizados para dotar ás persoas mozas que se dean de alta no programa de habilidades para a vida independente.
- Prospección empresarial.





- Xerar alternativas de emprego nas áreas determinadas.
- Crear alternativas de vida independente, alternativa de vivenda, capacidade de desprazamento nas zonas de influencia.
- Mellorar a conectividade e a capacidade de interconexión das persoas mozas residentes na zona e que estean dados de alta no programa.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, comprometida institucionalmente coa xuventude, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución da autonomía e emancipación para mozos/as en situación de risco ou desamparo, a través de programas de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social, dirixido a persoas de entre 16 e 21 anos (excepcionalmente, ata os 25) que estean ou estiveran baixo tutela ou garda da Administración Pública.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera de especial importancia favorecer a proxectos como o que se describe, que veñen sendo executados desde hai máis de dúas décadas polo Instituto Galego de Xestión para o Terceiro sector en toda a Comunidade Autónoma, co fin de levar a cabo a súa labor social en interese dos menores que acollidos no sistema de protección están iniciando o paso á vida adulta, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para tal fin.

Así, con data 07/02/2022 foi asinado un convenio entre a Consellería de Política Social e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector para a execución deste programa, cuxa duración se estableceu ata o 31 de decembro de 2023.

Está previsto que o novo concerto social da execución do "Programa Mentor Rural de tránsito á vida adulta, autonomía e emancipación para persoas mozas en situación de vulnerabilidade en zonas non urbanas" entre en funcionamento neste ano 2024, e estará vixente desde a súa data de formalización ata o 31 de decembro de 2026, con posibilidade de prórrogas ata o 31/12/2028 en caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Non obstante o exposto, o dito concerto atópase aínda en estado de tramitación, e non se prevé a súa entrada en vigor ata o 01/05/2024.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 – en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A execución material do programa que se describe no Anexo II do convenio materialízase durante os primeiros catro meses do ano 2024, ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma,





mediante a sinatura dun convenio de colaboración co Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, a cal, desde os anos noventa, está especializada no ámbito da infancia e a adolescencia, e vén colaborando desde entón coa Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas que promoven a inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social, dirixido a persoas de entre 16 e 21 anos (excepcionalmente, ata os 25).

O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración.

Considérase polo tanto idóneo ao Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector para a execución de dito programa pola a súa experiencia no ámbito da atención a menores e adolescentes, a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o paso á vida adulta e a súa autonomía e emancipación dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 30 de abril de 2024 e efectos dende o 1 de xaneiro de 2024 abrangendo as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde a antedita data.

A Consellería de Política Social e Xuventude contribuirá ao financiamento do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía de cento noventa e un mil cincocentos euros (191.500,00 €) con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.312B.481.03 código de proxecto 2021 177 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

De acordo co artigo 69.2 da Lei 9/2021, do 25 de febrero, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, ao non ter unha obriga de gasto superior a 300.000,00 € o acordo de convenio de colaboración non deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

